

## **BASES DO CERTAME DE RONDALLAS DE REIS CONCELLO DE GONDOMAR 2025**

O Concello de Gondomar celebra cada 6 de xaneiro o seu tradicional “*Certame de Rondallas de Reis*”, que este ano conta coa súa **edición número XLI**. Con máis de 40 anos de historia, este evento é un referente do nadal no sur da provincia de Pontevedra, ademais de ser o certame mais antigo e con mais peso cultural. Cunha afluencia de público por encima das 3.000 persoas conta coa participación de máis de 14 rondallas, chegadas dende o propio Concello de Gondomar e dos concellos limítrofes de Nigrán, Tui e O Porriño, Mos, Vigo ou Redondela, que cada ano, elixen Gondomar para mostrar o seu repertorio, que se vai adaptando aos tempos así como as súas novidosas vestimentas. Coas pandeiretas e castañuelas engalanadas con cintas de cores, gaitas, percusión, cristo ou a botella de anís, agardan cada 6 de xaneiro para despedir o nadal pondo a nosa cultura tradicional no mais alto. *O certame de Rondallas de Reis* contará con pasacalle, concerto e saúdo entre os abandeirados.

### **OBXETO**

Estas bases establécense coa finalidade de regular o proceso de organización e realización do *Certame de Rondallas de Reis* no Concello de Gondomar, garantindo a igualdade de trato entre todos os seus participantes, os que deberán aceptalas integramente unha vez presentada a solicitude de participación.

### **LUGAR E DATA DA CELEBRACIÓN**

O *Certame de Rondallas de Reis* celébrase cada 6 de xaneiro a partir das 10:30h salvo outra indicación por parte desta Alcaldía.

O punto de inicio do pasacalle será a rúa Eduardo Iglesias, na localización exacta que determine a organización.

Percorrerán esa rúa ata acceder a Praza Paradela pola rúa peonil Ángel Urzaiz, onde diante do Concello darán o seu concerto.

Logo do saúdo entre abandeirados, a rondalla abandonará a Praza Paradela pola rúa Avda. do conde.

### **REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN**

Neste *Certame de Rondallas de Reis* poderán participar todas aquelas agrupacións rondalleiras que teñan un mínimo de 40 compoñentes e un máximo de 120. O número máximo de agrupacións participantes limitarase a 15, salvo outra consideración por parte desta Alcaldía.

## PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As inscricións para o *Certame de Rondallas de Reis* deberá facerse cubrindo o ANEXO I que se achega con estas bases e presentalo mediante as oficinas de Rexistro Xeral do Concello de Gondomar en horario de 8:00 a 14:00h ou mediante a sede electrónica. Así mesmo, deberase achegar xunto co ANEXO I, un certificado de conta bancaria e unha fotocopia do CIF/NIF da Rondalla participante ou Asociación á que pertence.

O prazo de inscrición será de **10 DÍAS NATURAIS** a contar dende o día seguinte da publicación desta bases.

## REMUNERACIÓN E AGASALLOS

O Concello de Gondomar destina para este certame un total de 15.000€. As dúas rondallas de Gondomar, Vincios e Chaín, recibirán unha cantidade fixa de 1.000€ pola participación en dito certame. O sobrante, irá destinado ás rondallas participantes en partes iguais ata o esgotamento do crédito, non podendo superar en ningún caso os 1.000€. Cada rondalla participante levará ademais un agasallo edición especial do *Certame de Rondallas de Reis* do Concello de Gondomar.

## ORGANIGRAMA DO DESFILE,ORDE DE SAÍDA E DURACIÓN

O desfile estará composto por pasacalle, saúdo entre abandeirados e concerto, cun **tempo total de 30 minutos**.

Cada rondalla está na obriga de saúdar á agrupación saínte e á entrante.

A rondalla que entra será sempre a que entre tocando, pola contra a rondalla que sae, deberá parar de tocar para que o saúdo entre abandeirados só se faga coa música da rondalla que entra.

O pasacalle comezará na Rúa Eduardo Iglesias (á altura da Panadería Xuntos). A partir da segunda rondalla, dende ahí tocará ata a intersección da Rúa Eduardo Iglesias con Elduayen (no cruce da farmacia), onde parará e agardará a que a rondalla que se atope na Praza Paradela deixe de tocar. Acto seguido, fará a entrada en dita praza a Rondalla e a que xa se atopa na mesma, estará colocada, sen tocar, agardando o saúdo.

**Para ese percorrido, cada rondalla contará cun tempo máximo de 7 minutos incluído o saúdo entre abandeirados de ser o caso.**

Unha vez realizado o saúdo na praza Paradela, a rondalla saíte comezará a tocar para saír pola Avda. do Conde, e só quedará na praza a rondalla entrante e dará comezo o **concerto que terá un tempo máximo de 18 minutos**. Unha vez rematado ese tempo, comezará o saúdo coa seguinte rondalla de ser o caso, que contará cun tempo máximo de 5 minutos.

**O tempo de saúdo e entrada nunca poderá exceder dos 15 minutos.**

A orde de saídas das rondallas inscritas quedará determinado nun sorteo, unha vez finalizado o prazo de inscrición. Unha vez realizado o sorteo, comunicaráselle as rondallas participantes.

Queda na súa liberdade intercambiar a orde de saída, sempre que sexa notificado ao Concello por escrito con antelación ao desfile.

#### **OBRIGAS DAS RONDALLAS PARTICIPANTES**

- O tempo total establecido para cada rondalla non poderá ser excedido en ningún momento.
- As rondallas participantes deberán estar **formadas** no punto de saída **15 minutos antes** do comezo da súa actuación.
- O saúdo ás autoridades que se atopen no palco presidencial é de obrigado cumprimento. Deberán ser saudados polos abandeirados/as , polo Capitán/a e Director/a, que se achegarán as autoridades para saúdalas individualmente, recibir o agasallo e a continuación facer a fotografía conmemorativa.
- O repertorio utilizado polas rondallas deberá gardar o máximo respecto e non se permitirá introducir ningunha peza musical que conleve detonantes racistas, xenófobos ou de calquera tipo de intolerancia social que inciten ao odio.
- Non se tolerará a máis mínima falta de respecto entre as rondallas participantes, ao público asistente, ao persoal do Concello que traballe ese día no evento ou ás autoridades.
- Non se poderá realizar paradas ao longo do percorrido do desfile. Quedan excluídas as paradas técnicas necesarias para o correcto funcionamento do desfile, pero que deberán ser notificadas ao persoal encargado da organización.
- As Rondallas deberán acudir coa indumentaria propia da agrupación. En ningún caso se permitirá a participación con roupa particular.

## OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- Queda terminantemente prohibido solicitar donativos ao público durante a celebración do *Certame de Rondallas de Reis*.
- En caso de choiva, o Concello buscará unha nova data de celebración para garantir a celebración nos exteriores.
- Os autobuses que trasladen aos rondalleiros/as, deberán deixalos nunha zona que estará habilitada na circunvalación, próxima ao cuartel da Garda Civil. Ahí o autobús só poderá estar o tempo necesario para descargar os instrumentos e baixada dos rondalleiros/as. Unha vez baleiro o autobús, deberá dirixirse á estación de autobuses.
- Os rondalleiros/as, cruzarán polo paso de peóns e accederán camiñando a escasos metros á Rúa Eduardo Iglesias onde se atopa o punto de formación e saída das rondallas.
- O punto de recollida dos rondalleiros/as poderá ser na estación de autobuses ou de ser posible, a policía Local habilitará outro emprazamento que se notificará mediante correo electrónico ás rondallas participantes.
- En todo momento haberá persoal do Concello velando pola seguridade e bo funcionamento do evento, o que se prega, sigan minuciosamente as súas indicacións.
- Na saída do percorrido e na Praza Paradela, haberá habilitado un cronómetro, xunto con persoal do Concello, para que en todo momento se respecten os horarios establecidos.
- Ao facer a inscrición mediante o Anexo I para a participación do *Certame de Rondallas de Reis* en Gondomar, **non será necesario emitir factura**.
- O importe a percibir por cada Rondalla, poderase ver rebaixado, se hai incumprimento dalgún punto destas bases. Calquera falla a estas bases conlevará unha **sanción de 100€**, podendo ser acumuladas e a descontar do importe total.
- A participación neste *Certame de Rondallas de Reis* conlevará a aceptación destas bases.